

Proceso selectivo, convocado por acordo do Comité Executivo da Fundación USC, M.P., do 5 de abril de 2023 (publicado por resolución da Xerencia da Fundación, do 10 de abril de 2023) para a contratación laboral especial de persoal directivo pola Fundación USC, M.P.

RESOLUCIÓN DA PRESIDENTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO POLA FUNDACIÓN USC,M.P., POLA QUE SE PUBLICA O ACORDO COA PROPOSTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DOS POSTOS DE «XERENTE/A ADXUNTO/A» E «DIRECTOR/A ÁREA DE PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE».

Reunida a comisión de valoración do proceso referido no encabezamento, en sesión do 22 de maio de 2023, tivo lugar a realización das fases 1 e 2 da proba prevista na base 9 das bases reguladoras, celebrándose ambas as dúas fases na mesma sesión e sen solución de continuidade para cada unha das persoas aspirantes que, logo de ser chamados seguindo a correspondente orde establecida no acordo da comisión do 15/05/2023 (publicado por resolución da xerencia da Fundación do 16/05/2023), trala exposición e defensa da memoria, por un tempo máximo de vinte (20) minutos, procedeuse á celebración da entrevista co/a aspirante, séndolle formuladas as preguntas que, co obxecto de garantir un tratamento uniforme e igualitario a todas elas, foron acordadas con carácter previo pola comisión de valoración, segundo se reflicte na acta da sesión antedita.

Rematadas as fases 1 e 2 para todas as persoas aspirantes, procedeuse á deliberación e valoración da fase 1, «memoria», e, a continuación, procedeuse á deliberación e valoración da fase 2, «entrevista», respecto daquelas persoas que, por alcanzar a puntuación mínima esixida nas bases, superaron a fase 1, e, tal e como consta na acta da sesión do 22 de maio de 2023, adoptáronse os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Publicar as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes, segundo os criterios de valoración previstos na base 9 da convocatoria e o acordo da comisión do 15/05/2023, dando cumprimento ao disposto no parágrafo primeiro da base 10 que prevé a publicación do resultado provisional do proceso selectivo.

No **anexo I**, reflíctense os resultados da fase 1, e os resultados da fase 2 respecto das persoas que superaron a fase 1. A información desagregase de conformidade co previsto nas bases 9 e 10 e o acordo do 15/05/2023. No **anexo II**, recóllese a proposta provisional cos candidatos que superaron as fases 1 e 2 do proceso selectivo.

Segundo.- Informar, ao abeiro do parágrafo segundo da base 10, da apertura do prazo de reclamación de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Fundación USC, M.P. As reclamacións deberán dirixirse á comisión de valoración e presentarse a través dos mesmos medios sinalados para a presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Pilar Martínez García
Presidenta da comisión de valoración

- Anexo I -

Fase 1. Memoria

Proposta provisional de aspirantes que superaron a **Fase 1** da proba do proceso selectivo.

Valoración efectuada consonte aos criterios de baremación previstos na base 9 () das bases reguladoras (publicadas por resolución do 10/04/2023) e consonte ao disposto no acordo (**) da comisión de valoración do 15/05/2023 (publicado por resolución do 16/05/2023). Dispónse nas bases que «esta primeira fase será valorada con ata un máximo de vinte (20) puntos, sendo preciso acadar unha puntuación mínima de dez (10) puntos para superala».*

() Consonte á base 9, a memoria constará de dúas partes: unha primeira, na que se recollerá unha explicación detallada do currículo vitae, na que se efectuará a correspondente relación da información contida no mesmo (formación académica e experiencia profesional do aspirante) co desempeño das funcións esixidas nos anexos para o posto ao que se aspire e respecto da área na que ditas funcións sexan desenvoladas; e unha segunda parte, na que se recollerá un plan ou proxecto estratéxico ou operativo, onde se reflectan propostas para o desenvolvemento das anteditas funcións e para o funcionamento da área correspondente. Na exposición e defensa da memoria os/as candidatos/as non poderán saírse do contido da memoria presentada coa solicite.*

*(**) Desagregación dos 20 puntos: Criterio 1. Relación do itinerario curricular (académico e experiencia laboral) coas funcións a desempeñar (máximo de 5 puntos). Criterio 2. Contidos do plan ou proxecto presentado (máximo de 6 puntos). Criterio 3. Adaptación das propostas incluídas no proxecto para o desenvolvemento das funcións e o funcionamento da área correspondente (máximo de 6 puntos). Criterio 4. Comunicación e defensa do proxecto (máximo de 3 puntos).*

Posto: xerente/a adxunto/a							
Apelidos e nome	DNI	Criterio 1 (máx.5p.)	Criterio 2 (máx.6p.)	Criterio 3 (máx.6p.)	Criterio 4 (máx.3p.)	Total	Motivación
Conde Vieites, Marta	****1906*	4,6	6	4,5	3	18,1	1. Adecuación e relación da formación académica (ámbito económico e empresarial) e da experiencia profesional (no ámbito público como privado) coas concretas funcións do posto. 2. Presenta un plan completo e estruturado de conformidade cos contidos requiridos nas bases. 3. A proposta deixa fora algúns aspectos concretos propios das funcións da xerencia adxunta que son transversais á actividade da Fundación. 4. Claridade na exposición e na fundamentación na defensa da memoria.
Rodríguez Torres, Rafael	****3727*	2	1,5	1	3	7,5	1. A formación académica e a experiencia profesional non presenta unha adecuada relación coas concretas funcións do posto descritas no anexo I das bases. 2. Plan centrado só nun servizo (de limpeza). Non menciona especificidades para o sector público. 3. As propostas do proxecto non se axustan ás funcións do posto da xerencia adxunta estando máis enfocadas a unha dirección de área. 4. A pesar de non axustarse a memoria aos requisitos do posto ao que se presenta, fai unha adecuada exposición e defensa da mesma.

Posto: director/a área de proxección institucional e imaxe							
Apelidos e nome	DNI	Criterio 1 (máx.5p.)	Criterio 2 (máx.6p.)	Criterio 3 (máx.6p.)	Criterio 4 (máx.3p.)	Total	Motivación
Barreiro Valladares, Lucía Cecilia	****0015*	2,5	3	2,5	1,5	9,5	<p>1. A formación académica e a experiencia profesional non presenta unha adecuada relación coas concretas funcións do posto descritas no anexo III das bases.</p> <p>2. O plan proposto define estratexias e tácticas de comunicación e marketing nos ámbitos expostos pero carece de especificade respecto dos recursos necesarios e da súa viabilidade.</p> <p>3. Falta concreción da proposta respecto das funcións do posto ofertado.</p> <p>4. Ausencia de xestión dos tempos de exposición, coa consecuente perda na exposición e defensa da memoria.</p>
Casal Martínez, Josefa	****7652*	5	5	5	3	18	<p>1. Formación e ampla experiencia en postos directivos con funcións idénticas ás que se piden para o posto ofertado.</p> <p>2. Memoria ben estruturada. Falta precisión no desenvolvemento do plan de actuación.</p> <p>3. Concreción da proposta en relación aos servizos e en canto ás funcións que se piden respecto da área cuxa dirección é ofertada.</p> <p>4. Presentación e defensa da memoria dunha forma adecuada. Claridade de ideas, coñecemento de contidos. Manexo dos tempos (presentación, desenvolvemento e peche da exposición).</p>
Martínez Iglesias, María Vanesa	****2128*	2	1	1	3	7	<p>1. A formación académica e a experiencia profesional non presenta unha adecuada relación coas concretas funcións do posto descritas no anexo III das bases.</p> <p>2. O contido do plan no se axusta ao previsto na convocatoria se ben presenta algunhas propostas que poderían ser aplicables.</p> <p>3. En xeral, o contido das propostas non se adapta ás funcións do posto obxecto de convocatoria, aínda que algunha proposta podería ser aplicable.</p> <p>4. Aínda que o contido da memoria non se axusta ao requirido nas bases, realiza unha defensa argumentada na que destacan a orixinalidade e a claridade expositiva.</p>

Fase 2. Entrevista

Proposta provisional de aspirantes que superaron a **Fase 2** da proba do proceso selectivo.

Valoración efectuada consonte aos criterios de baremación previstos na base 9 () das bases reguladoras (publicadas por resolución do 10/04/2023) e consonte ao disposto no acordo (**) da comisión de valoración do 15/05/2023 (publicado por resolución do 16/05/2023). Dispónse nas bases que «esta segunda fase será valorada con ata un **máximo de dez (10) puntos**, sendo preciso acadar unha **puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala**».*

() Consonte á base 9, finalizada a fase 1, a comisión de valoración manterá unha entrevista co/a candidato/a na que lle realizará cantas cuestións estime convenientes sobre o seu curriculum vitae, sobre a memoria presentada e a defensa da mesma, e sobre as funcións a desempeñar no posto directivo ao que se presenta.*

*(**) Desagregación dos 10 puntos: Criterio 1. Cuestións relacionadas coa memoria presentada (máximo de 5 puntos). Criterio 2. Cuestións relacionadas co curriculum vitae e coas funcións a desempeñar (máximo de 5 puntos).*

Posto: xerente/a adxunto/a					
Apelidos e nome	DNI	Criterio 1 (máx.5p.)	Criterio 2 (máx.5p.)	Total	Motivación
Conde Vieites, Marta	****1906*	3	2	5	Adecuación das respostas formuladas sobre a memoria presentada. Bótase en falla unha maior concreción en canto ás cuestións relativas ás funcións a desempeñar.

Posto: director/a área de proxección institucional e imaxe					
Apelidos e nome	DNI	Criterio 1 (máx.5p.)	Criterio 2 (máx.5p.)	Total	Motivación
Casal Martínez, Josefa	****7652*	5	4	9	Ampla capacidade de resposta, de síntese e concreción, e adecuación das respostas ás preguntas formuladas.

– Anexo II –

Proposta provisional de aspirantes que superaron a proba do proceso selectivo:

Tendo en conta as valoracións do Anexo I relativas ás fases 1 e 2 da proba prevista na base 9 das bases reguladoras do proceso selectivo, e non sendo preciso establecer unha orde de prelación en virtude da puntuación final acadada, a comisión de valoración acordou facer proposta provisional para os postos de xerente/a adxunto/a e de director/a da área de proxección institucional e imaxe ás seguintes candidatas:

Posto: xerente/a adxunto/a				
Apelidos e nome	DNI	Fase 1	Fase 2	Total
Conde Vieites, Marta	****1906*	18,1	5	23,1

Posto: director/a área de proxección institucional e imaxe				
Apelidos e nome	DNI	Fase 1	Fase 2	Total
Casal Martínez, Josefa	****7652*	18	9	27

* * *